

## MATRÍCULA CIFP MANUEL ANTONIO. CURSO 2024/25

Existen 2 vías de matrícula:

- A través da aplicación Ciclos Admisión:
  - ✓ Todo o alumnado do réxime de persoas adultas (calquera dos itinerarios presencial, semipresencial e a distancia, programas de FP Dual, cursos de especialización, etc.).
  - ✓ Alumnado que se matricula en 1º curso de réxime ordinario (aínda que sexa para repetir)
- Matrícula interna do centro
  - ✓ Alumnado do **réxime ordinario** que promociona **de 1º a 2º curso**.
  - ✓ Alumnado que vai **realizar a FCT** no período **de setembro a decembro**.

O período de matrícula virá dado polo calendario de admisión que se publicará coa oferta formativa na páxina web: [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp).

Para a **MATRÍCULA INTERNA DO CENTRO**, coa finalidade de FACILITAR A XESTIÓN (non ter que agardar a xullo, evitar as longas ringleiras de novos estudantes, poder ir tramitando as matrículas, etc.) establécense os seguintes prazos:

1. Se superaches todos os módulos na **3ª avaliación parcial: 4 e 5 de xuño**
2. Se superaches todos os módulos na **avaliación final: 24 e 25 de xuño**

Con todo, os impresos levarán a data do 23 de xullo de 2024 (dado que ese será o prazo oficial e simplemente estamos evitando que teñas que volver en xullo).

Cada impreso de matrícula indica a documentación a presentar.

**IMPORTANTE:** no impreso de matrícula aparece un apartado que é TARXETA SANITARIA/NUSS. Refírese ao número de Seguridade Social do/a alumno/a, non ao que lle da a cobertura sanitaria (do pai ou da nai).

É necesario, dado que á hora de realizar a FCT (Formación en centros de traballo), o alumnado será dado de alta na Seguridade Social.